

## *Galego, romanço, nossa linguagẽ:* o nome da lingua na prosa medieval de creación

Carme Silva Domínguez  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO

O presente traballo concíbese como unha contribución á investigación da conciencia lingüística diferencial dos falantes do territorio lingüístico galego na Idade Media. Neste momento da historia establécense as fronteiras políticas e lingüísticas que dan orixe ás distintas nacionalidades que xorden do común tronco latino, e a situación de Galicia revélase como altamente conflictiva polas súas especiais relacións coas comunidades limítrofes. No traballo considérase como elemento indicial para a formulación de hipóteses acerca da autoconciencia do pobo galego as denominacións escollidas para a lingua en que están escritos os textos que conforman a prosa medieval de creación, xénero que consideramos de especial interese pola súa intrincada historia de traducións entre os romances peninsulares e pola frecuencia de observacións metalingüísticas que presenta.

**Palabras-clave:** conciencia lingüística, fronteira lingüística, emerxencia lingüística

### ABSTRACT

This work intends to be a contribution to the research on the distinctive linguistic conscience of the speakers of the Galician linguistic administrative territory in the Middle Ages. In those days the political and linguistic frontiers that originated the different nationalities deriving from a common Latin origin were set up. The situation of Galicia seemed to be highly controversial because of its special relationships with the border communities. For the formulation of hypotheses about the self-conscience of the Galician country, we have picked, as the sign element in this work, the designations for the language in which the texts of creative medieval prose are written. It is a genre of special interest due to its intricate history of translations among the peninsular romances and the frequency of metalinguistic observations it shows.

**Key words:** linguistic conscience, linguistic frontier, linguistic emergence

## 1. INTRODUCCIÓN. PROPÓSITO DO TRABALLO<sup>1</sup>

O presente traballo ten como obxectivo a análise da tipoloxía de denominacións existentes na prosa de creación medieval en galego para a designación da lingua en que está escrito o texto, e a observación da súa posible evolución cronolóxica ou, máis en concreto, da súa modificación en función de diversos factores.

En xeral, e como veremos máis adiante polo miúdo, as circunstancias en que aparecen estas indicacións presentan todas elas un perfil bastante similar. En efecto, as reflexións interlingüísticas que suscitan a necesidade de ofrecer un nome para a lingua en que está escrito o texto xorden en momentos en que se alude, directa ou indirectamente, ás fontes do mesmo, e nos que o escritor ofrece ós seus receptores unha paráfrase para formas ou expresións da lingua orixinaria, formas que soe reproducir como paso previo á tradución. As razóns polas cales o autor opta por evidenciar en certos puntos do texto as súas fontes son moi diversas e máis ben internas a cada obra. A modo de exemplo, podemos observar cómo na *General Estoria* a frecuencia deste tipo de excursos e a reprodución de extensos fragmentos de textos latinos parecen deberse simplemente ó prurito do autor de exhibir o seu profundo coñecemento e a súa mestría no manexo dos textos clásicos. Noutros casos probablemente se trate da necesidade de avalar determinadas afirmacións coa *auctoritas* que proporcionaba o texto orixinal. É tamén común a análise etimolóxica —ás veces escasamente rigorosa— de expresións da lingua fonte para esclarecer aspectos relacionados co contido do texto. Un exemplo destes tipos de actuación aparece en (1):

- (1) Et ydolatria quer dizer *en latym* ydolum cultura, et esto *ēna* *nossa language* quer dizer onra dos ydolos (GE, p.140)

Nestas pasaxes establécese unha corrente de “complicidade lingüística” entre o autor do texto e o seu auditorio, dado que son momentos en que se suspende o percorrido da narración para dar curso a un aparte que polo xeral carece de relación directa cos feitos contados, pero do que a voz narrativa considera necesario informar o receptor. A denominación da lingua non é nestes fragmentos o máis importante, dado que non pode considerarse como “información

1 Os datos ofrecidos no presente traballo foron presentados, cunha sistematización diferente, como comunicación ó “V Congreso Internacional de Estudos Galegos” (celebrado en Tréveris, Alemaña, durante o mes de outubro de 1997) e baixo o título “O adxectivo *galego* na prosa medieval en galego”. Naquela versión inicial organizamos os exemplos por textos, e estes cronoloxicamente e por xéneros literarios. Nesta nova volta sobre os textos interézanos máis a elaboración dun elenco de denominacións típicas e a valoración das mesmas a partir do parámetro ‘autonomía-independencia da lingua dos textos con respecto ás variedades lingüísticas limítrofes’. Parece fácil deducir que a primeira versión do traballo é fundamentalmente expositiva e abrangue un maior número de exemplos, e por tanto nela atoparán os interesados na materia datos dabondo como para poderen elaborar as súas propias conclusións con respecto á cuestión. Aproveitamos, ademais, a ocasión para agradecerlles ós nosos compañeiros do proxecto de investigación “Gramática histórica da lingua galega” as facilidades que en todo momento nos deron para a utilización dos textos medievais en soporte informático. Sen este recurso, as dificultades para a elaboración do traballo serían notorias.

nova” ou remática, senón que forma parte da “información vella” ou temática que comparten emisor e receptor. Sen embargo, a diversidade de denominacións que se ensaian, tanto dentro dun texto como en referencia á totalidade das obras, parécenos de interese por razóns que explicaremos de seguida no apartado 2.

## 2. A IMPORTANCIA DAS DENOMINACIÓNS DA LINGUA PRESENTES NOS TEXTOS

No presente apartado tentaremos xustificar a atención ós excursos da narración caracterizados no apartado anterior. Cremos de interese a denominación que o propio autor do texto propón e emprega para a lingua en que este está escrito, dado que a existencia dun nome para a mesma é indicio da súa individualidade, na mente dos falantes, con respecto tanto á lingua nai de que procede, o latín, como ós sistemas lingüísticos asociados ás comunidades limítrofes, cos que primariamente formaba unha unidade derivada da súa condición común de romances. Neste sentido, o escritor dos textos, nas súas intervencións explicativas do sentido de determinadas formas, é o único falante do que indirectamente podemos extraer información acerca da denominación da súa lingua e das veciñas. O nacemento dunha comunidade lingüística e cultural, neste caso a galega, queda ligado non tanto á existencia dun número amplo ou reducido de peculiaridades diferenciais con respecto ós seus lindeiros inmediatos, senón máis ben á conciencia, por parte dos membros da mesma, dos seus propios trazos particularizantes, e á expresión desta conciencia mediante un signo lingüístico diferenciado, un nome.

Con esta visión das cousas non pretendemos ser en absoluto orixinais, pois somos conscientes de que tal interpretación da realidade se atopa na raíz da lingüística moderna. Xa Sapir (1954: 10) destacaba o carácter convencional e social da linguaxe, así como a súa natureza de función cultural, adquirida. O propio Saussure (1945: 191-206) desenvolve o concepto de *valor*, que implica unha visión interna da estrutura das linguas en función da cal é cada comunidade a que organiza a realidade e define dese xeito as correspondencias entre os distintos signos lingüísticos e os elementos constitutivos daquela. Así, cada unidade lingüística atopa a súa razón de ser dentro do sistema de que forma parte, e non ten necesariamente por qué coñecer equivalencias exactas noutras linguas. Toda comunidade lingüística, e esta é a tese fundamental, descobre e estrutura o mundo dun xeito peculiar, de seu, recoñece categorías inútiles ou simplemente inexistentes desde a perspectiva doutras culturas, consensúa e transmite ós novos membros unha realidade, se non independente dos soportes perceptivos comúns á especie, si grandemente autónoma con respecto a eles<sup>2</sup>.

2 Cfr. Casado Velarde (1988), en especial o capítulo 5 en que se presenta unha introducción á “hipótese de Sapir-Whorf”.

En moitos casos, a visión da propia realidade lingüística que podemos deducir a partir das informacións proporcionadas polos falantes coñece un primeiro punto de enfrontamento coa visión científica da realidade, considerada por algúns como máis válida pola súa maior obxectividade. Na solución dun dos problemas clave da lingüística contemporánea, os criterios de delimitación e distribución das distintas variedades lingüísticas en linguas históricas diferenciadas<sup>3</sup>, parece que os estudiosos foron camiñando paseniñamente desde os intentos de encontrar principios xerais de validez universal<sup>4</sup> ata a constatación de que a opinión dos membros da comunidade lingüística, conceptualizada nas súas propias denominacións, pode ser clave para a interpretación dun feito peculiar: non é o grao de diverxencia interna entre as variedades, senón a vontade dos falantes, o que fai agromar diasistemas distintos. Esta evidencia encóntrase xa no clásico traballo de Ferguson (1959) en que se describen situacións moi estables baseadas na coexistencia de variedades que presentan un forte grao de diverxencia nas súas estruturas, pero consideradas polos falantes como esencialmente unívocas e que conviven sen enfrontamento gracias a un ríxido reparto de funcións. A situación contraria é tamén posible: a existencia dunha escasa distancia lingüística non garante a pertenza de dúas variedades ó mesmo diasistema se os falantes, polas razóns que sexan, non o consideran así. As relacións entre o galego e o portugués moderno son, moi probablemente, un exemplo desta última situación<sup>5</sup>.

Se lingüistas e falantes diverxen nas súas valoracións acerca de situacións lingüísticas contemporáneas, susceptibles de seren analizadas e observadas mesmo na súa evolución, as dificultades aumentan á hora de establecermos hipóteses acerca da conciencia da diferenza interlingüística en momentos cronolóxicos anteriores. Neste sentido pódese mencionar a forte polémica suscitada no mundo dos estudos clásicos a partir dos traballos de Roger Wright<sup>6</sup>, nos que se cuestiona a afirmación, tradicionalmente aceptada, de que a distancia lingüística

3 Tomamos a seguinte definición de **lingua histórica**, debida a Coseriu (1981:302-3): “Lengua que se ha constituido historicamente como unidad ideal e identificada como tal por sus propios hablantes y por los hablantes de otras lenguas, comúnmente mediante un adjetivo ‘propio’: lengua *española*, lengua *italiana*, lengua *francesa* [...]. Neste mesmo sentido o autor emprega, como constata p.e. Cardona (1991: 82) o termo **diasistema**: “Para Coseriu cada lengua histórica es un diasistema en cuanto es un conjunto de varios sistemas coexistentes que se interceptan entre ellos”.

4 Para unha crítica de conceptos como o de “intelixibilidade mutua”, empregados profusamente como medidores da distancia entre variedades, vide Crystal (1987: 25). Á hora de revisar os trazos xeralmente atribuídos ás linguas na súa diferenciación con respecto ós dialectos, Wardraugh (1992: 50-51) reconece que o concepto de “autonomía” é un criterio subxectivo relacionado co de “historicidade”. Este carácter de valoración despréndese da definición que propón para o mesmo: “o feito de que un grupo de persoas sexan conscientes dunha identidade gracias ó uso dunha lingua concreta”.

5 Polo menos para os partidarios do “galego identificado”. Os traballos reunidos en Monteagudo (1995) son boa proba dos argumentos desta tendencia da lingüística galega. Calvet (1997: 65-66) dá ben coa raíz do problema no seguinte comentario: “As respostas aportadas a estas cuestións [as relacións entre galego e portugués] baséanse en argumentos científicos [...] pero interesaríame saber o que os millóns de falantes do galego cren falar”.

6 Vide especialmente Wright (1989) como resumo dos seus principais argumentos.

foi un factor suficiente para a explicación da emerxencia das linguas románicas a partir do común tronco latino. Dada a nosa condición de non latinistas, non podemos, nin queremos, entrar na avaliación dos aspectos técnicos —ben controvertidos, por outra banda— do seu traballo, pero si nos imos referir a un artigo dun dos seus seguidores, Lloyd (1991), quen realiza un estudio sobre as denominacións *lingua latina* e *lingua romana*, presentes ambas nos textos anteriores ó século IX, e deduce da súa intercambiabilidade a non existencia, na mente dos falantes da época, dunha conciencia clara de latín e romance como realidades lingüisticamente diferenciadas.

O propósito do noso traballo é a localización de indicios textuais que nos permitan deducir o sistema de denominacións lingüísticas característico dun grupo concreto de textos galegos, a prosa literaria e historiográfica. A pescuda intentará achegar datos para descubrir o que Monteagudo (1994:172) formula como segue: “a conciencia que existía na época da diferenza entre os distintos romances, especialmente entre os próximos (xeográfica e lingüisticamente) entre si”. Confrontaremos os nosos resultados cos que obtivo este autor a partir dunha cala textual máis xenérica do que a nosa en canto a que emprega material procedente de ámbitos lingüísticos diversos, aínda que, como el mesmo advirte, non exhaustiva.

Un dos achados do traballo de Monteagudo será obxecto de especial interese pola nosa parte. Este autor postula unha diferente escolla entre galego e portugués con respecto ó termo empregado para a denominación do seu sistema lingüístico: así, *romanzo*<sup>7</sup> predominaría nos textos galegos, fronte a *linguagẽ*, que sería o escollido nos portugueses. A distinción parece considerarse porcentual, dado que o propio investigador admite a presenza da denominación caracteristicamente portuguesa en textos construídos ó norte do Miño (aínda que a posibilidade contraria non é explicitamente mencionada). Nunha primeira valoración do achado, podemos interpretar esta distinción terminolóxica como manifestación dun tipo de diverxencias frecuentemente sinaladas para galego e portugués na etapa medieval: as derivadas dunha utilización independente e autónoma dos mesmos recursos —neste caso léxicos— herdados do latín. Consonte esta hipótese, outros estudos de detalle amosaron este mesmo fenómeno no desenvolvemento diferencial de pares léxicos de idéntico valor semántico, e tamén se destacaron as distintas tendencias no aproveitamento dos recursos morfolóxicos e sintácticos dis-

7 A variedade de formas que aparecen nos textos, tanto para *linguagẽ* como para *romanzo* e *castelão*, é moi ampla. Para as nosas alusións a cada unha destas familias de formas, empregamos as tres que acabamos de reproducir, porque consideramos que se trata das menos marcadas en canto ó seu carácter galego ou portugués, e polo tanto das máis aptas para aludirmos a textos de ambas as áreas xeográficas. Algunhas das diverxencias que detectamos en canto á escolla son, por exemplo, a preferencia case exclusiva das obras portuguesas polas formas con /i/ e ditongo -ou hiato- /ua/ no caso de *linguagẽ*, mentres que nos galegos ocorren indistintamente estas e outras con /e/ e hiato /oa/, como se observará se se examinan os exemplos que reproducimos. Con respecto á segunda unidade, só en textos portugueses atopamos formas máis distanciadas do étimo como *rremanço* e *rrimanço*. Cando se trate de comentarios ou alusións que reproducimos de diversos autores, mantemos, como é natural, a forma escollida por eles.

poñibles<sup>8</sup>. Con todo, consideramos necesario un exame exhaustivo da cuestión a través do manexo máis detallado dun corpus que sexa propicio para a presenza de denominacións lingüísticas, e con esa intención nos aproximamos ó problema.

O noso ámbito de traballo redúcese ós textos que poidan ser incluídos baixo a denominación de “prosa medieval de creación”. En realidade, entendemos que esta etiqueta ten que ser interpretada nun sentido amplo para que dea cabida no seu interior a textos historiográficos como a *Traducción galega da Crónica General*<sup>9</sup> ou a *General Estoria*. Cremos que estas comparten con narracións como a *Crónica Troiana* trazos comúns, e en especial dous de relevancia para os nosos intereses no presente traballo. En primeiro lugar, uns e outros son o resultado do manexo para a súa composición de fontes escritas moi diversas, entre as cales ocupan un lugar especial os textos clásicos. En segundo termo, e en relación co anterior, ambos os tipos de textos coñecen unha intrincada —e por veces parcialmente descoñecida— historia de traducións encadeadas polas que un texto en galego pode, nun momento dado, ser traducido ó castelán, e este novo texto pode ser obxecto dunha versión autónoma ó galego, independente da primeira<sup>10</sup>. A súa común condición de traducións xa é de seu un argumento acerca da individualidade do sistema lingüístico en que están escritos, pois a constatación da necesidade dunha versión a outra lingua supón necesariamente a crenza na diferenza existente entre ambas as variedades lingüísticas, ou cando menos a constatación da necesidade dunha serie de adaptacións e modificacións, por leves que estas sexan, para facer viable determinado texto nun ámbito lingüístico e cultural diferente<sup>11</sup>. Por outra banda, o manexo de fontes textuais —clásicas ou non— na construción deste tipo de textos constitúe un terreo propicio para a

8 Vide, p.e. Boullón Agrelo e Tato Plaza (1994) como exemplo dun caso similar de utilización dos recursos léxicos, esta vez relacionado co emprego diverxente, ó norte e ó sur do Miño, dos herdeiros románicos das formas TABELLIO e NOTARIUS. Tamén Lorenzo (1985:82) subliña este mesmo fenómeno, aínda que en ámbitos diferentes da estrutura lingüística, ó sinalar a existencia de tendencias evolutivas diferenciadas nos compoñentes fonético-fonolóxico e morfolóxico, traducidas para el na oposición entre “formas galego-portuguesas”, “formas exclusivas galegas” e “formas exclusivas portuguesas”.

9 No final do traballo detállanse os textos empregados para a elaboración do mesmo, así como as abreviacións que se utilizaron a carón de cada exemplo reproducido.

10 Tal puido ser a historia textual da *Crónica Troiana*, segundo a hipótese que apunta Lorenzo (1985: 191-202), quen exemplifica tamén con outros textos coetáneos.

11 A maior parte dos textos que analizaremos no presente traballo son o resultado dun labor de tradución sobre orixinais casteláns, e así o corroboran as modificacións e adaptacións que se producen no sistema de denominacións lingüísticas. Salvo nalgúns casos peculiares, como a *Crónica Troiana*, todos eles serven para constatar a conciencia, por parte do autor ou escribán do texto, de que a lingua meta do proceso é distinta da lingua fonte, mesmo cando se detectan certos problemas no recoñecemento diferencial desta última. Nesta mesma liña de razoamento, a existencia de versións ó galego de orixinais portugueses, ou viceversa, constituiría un argumento favorable á defensa de que xa na Idade Media se detecta unha conciencia lingüística diferencial entre as dúas comunidades, especialmente se este tipo de procesos viñese acompañado da utilización dos sintagmas *lingua galega* fronte a *lingua portuguesa* para a denominación das linguas do texto. Tal situación maximamente favorable non se produce, no que nós sabemos, pero si é certo que algúns textos orixinais galegos ou concibidos en galego tiveron que sufrir unha adaptación -cando non tradución- para seren viables no ámbito político e cultural portugués. Tal é o caso da versión portuguesa da *Primeyra Partida*, segundo a hipótese do seu editor (Cfr. Ferreira, 1980: XLIX-LVI).

aparición de indicacións relativas ás equivalencias ou diverxencias interlingüísticas e, por tanto, para a ocorrencia das denominacións que nos interesan.

Con todo, non se nos oculta o feito de que pode haber entre uns textos e outros, os historiográficos e os propiamente narrativos, unha certa diversidade de finalidades, dado o carácter compilatorio e “de verdade” dos primeiros fronte á opción puramente lúdica que representan os segundos. De todos os xeitos, consideramos que estes dous tipos de textos, a prosa historiográfica e a prosa de creación, presentan trazos comúns de abondo como para seren analizados conxuntamente.

Coa intención de ofrecermos datos que poidan contrastar cos deducidos da prosa galega, examinamos tamén o orixinal castelán da *General Estoria* a partir do cal se realizou o texto galego que conservamos. Para termos tamén algúns datos do portugués a través dun texto coetáneo e emparentado tamén cos nosos, utilizamos a *Crónica Geral de Espanha de 1344*, parcialmente coincidente coa nosa *Traducción da Crónica General e da Crónica de Castela*, así como a traducción a esta lingua da *Primeira partida* alfonsí.

### 3. TIPOLOXÍA DE DENOMINACIÓNS PARA A LINGUA EN QUE ESTÁN ESCRITOS OS TEXTOS

#### 3.1. Denominacións baseadas no substantivo *linguagẽ* máis un elemento restrictor

Nos textos galegos, esta unidade é practicamente a única empregada co significado de ‘sistema lingüístico’. A penetración do provenzalismo atribúena Corominas e Pascual (1980: 629) á influencia das “poéticas trovadorescas”. Usualmente aparece seguido ou precedido dunha unidade modificativa que indique o seu alcance:

- (2) Et chamauã muyto Agamenõ et a Menalao, seu irmão, falsos et desleaes, dizendo que nũca forã de linagẽ d[o] bõo rrey d’Antenus. Et chamáuãnos *en sua linguaiem* ‘festilidos’ et ‘distilidos’ que quer dizer en grego ‘nẽbreuos que nõ valẽnada’ (CT, p. 648)

Unido a certos elementos que funcionan como modificadores de carácter restrictivo, o substantivo *linguagẽ* convértese tamén no útil lingüístico case único na construción de alusións á lingua dos textos. En realidade, a combinación que máis abunda como denominación da lingua dos textos é (a) *nossa*<sup>12</sup> *linguagẽ*, integrada no esquema *X quer dizer Y ãn(a) nossa linguagẽ*:

12 A frecuencia da opción articulada fronte á non articulada depende do texto, pero consideramos que o problema da presenza do artigo diante do posesivo non está directamente vinculado ó noso traballo actual. Así mesmo, e con respecto ó posesivo *nosso*, aparece tamén a variante que presenta unha redución -cando menos gráfica- do *ss* a *s*, pero de novo escollemos, como representante da familia de formas, aquela máis etimolóxica e común a galego e portugués na súa etapa inicial.

(3) Et diz Ovydio eno quarto libro do seu Libro mayor delo estes versos asi *em latin*:

“Piramus et Tisbe, iuvenū pulcherrimus alter,  
Altera quas oriens habuit, prelata puellis,  
Contiguas habuere domus, ubi dicitur altera  
Cotilibus muris cinxisse Semiramis urbem.”

Et esto quer dizer asi *ẽna nosa lengage*: “Piramo e Tisbe, hum dos mays fermosos mançebos que sêér poderiã. et Tisbe adeantada das donzellas de oriente, asy cõmo mays fermosa que todas ellas, ouverõ as casas hũa açerca da outra aly onde he dito que a rreyna Semirramis cercou alta (GE, p.161)

Esta denominación representa unha alusión directa á situación de interlocución, e por tanto ó contexto cultural (Coseriu, 1969: 316) compartido por emisor e receptor, o que permite obviar a necesidade de explicitar a través dun adxectivo o nome ou o ámbito xeográfico de referencia para ambos. En termos de conciencia lingüística, a través dos datos que se proporcionan só podemos afirmar que os participantes no acto comunicativo se presentan como membros dunha comunidade diversa do mundo clásico grecolatino, de onde procede a totalidade dos termos, estruturas e citas que se versionan.

O contraste co texto en castelán da *General Estoria* de que procede o fragmento galego conservado pode resultar altamente esclarecedor. En efecto, nas pasaxes en que no segundo se escolle a forma (*a*) *nossa linguagẽ*, xeralmente o orixinal presentaba unha alusión moito máis explícita, do tipo de *el (nuestro) language de Castiella* ou *el (nuestro) language castellano*. Observemos cómo parece actuar predominantemente o traductor, a través de dous textos paralelos:

- (4) Alacfar en ell arauigo tanto quiere dezir *en el nuestro language de Castiella* como amariellos (GEcas, fol.78v)
- (5) Et alacfar ẽno arauigo tanto quer dizer *ẽna nosa language* cõmo amarelos. (GE, p. 278)

A traducción, no que se refire á busca de denominacións para a lingua dos textos, preséntasenos como un proceso de redución mediante o cal o dobre procedemento de restauración informativa característico do texto castelán -a través da alusión á situación comunicativa e mediante a activación da información contida na frase preposicional ou no adxectivo- queda reducido ó se eliminar o máis explícito e redundante dos dous, o segundo. No texto galego, o traductor renuncia en todas as ocorrencias á denominación da lingua en que escribe, o cal pode ser interpretado como indicio das dificultades de autorrecoñecemento derivadas das nosas especiais relacións con Portugal (comunidade lingüística) e con Castela (non comunidade lingüística pero dependencia política).

O resto das obras galegas por nós examinadas presentan, así mesmo, un claro predomínio porcentual deste mesmo tipo de denominacións baseadas na eficacia do contexto com-

partido por emisor e receptor como procedemento de restauración da información non explícitada no texto. A fórmula mantense aínda nos *Miragres de Santiago*:

- (6) Et Jacobus he nome abrayquo, et *en nosa lingoajeen* tãto quer dizer cõmo enganador de homẽes (MS, p. 19)

Un caso extremo de dependencia con respecto do ámbito cultural de orixe maniféstao a *Traducción*, en que é o castelán sempre a lingua de referencia para as explicacións e xustificacións etimolóxicas que proporciona o narrador, mesmo cando non é lingua meta do proceso de traducción, senón lingua fonte. A información proporcionada neste caso polo excurso denominativo pode considerarse simplemente errónea ou cando menos pouco significativa e pouco útil para un receptor galego:

- (7) Et apodragas e palabra cõposta destas duas partes: de “poys”, que dizem en grego por o que *ena lengoagẽ de Castella* chaman pee, et a outra “agros”, eno grego outrosi, por o que *en castellãao* dizẽ contreytura ou treyto; onde podroga tãto quer dizer *ẽna lengoagẽ de Castella* cõmo enfermidade de coytura dos pees. (T, p. 23)

A portuguesa *Crónica Geral de Espanha de 1344* rexistra un comportamento nalgunhas das denominacións da lingua tamén dependente con respecto ó orixinal castelán. Velaquí o fragmento paralelo ó do exemplo (7):

- (8) E pedagra he palabra composta destas duas partes que dizem em grego por o que enna *linguagem de Castella* chamam pee e outra agros, enno grego outrossi, por o que em *castellãao* dizem contreytura ou contreito, onde pedagra tanto quere dizer *enna linguagem de Castella* como enfermidade de contreytura das mãaos ou contreytura dos pees. (CGE, p. 424)

Sen embargo, desta mesma obra procede a seguinte pasaxe, mencionada xa por Lorenzo (1977:752) e a partir da cal podemos postular a existencia dunha firme crenza, por parte do escritor, nas peculiaridades diferenciais do sistema en que escribe:

- (9) Em este ãno el rei dom Vermudo era mal doente de hũa door nos pees a que os físicos dizem pedraga, *segundo a liguagem de Portugal* (CGE, p. 180)

Volvendo ós textos galegos, podemos indicar que só no tardío *Miragres de Santiago* detectamos unha ocorrencia en que o adxectivo de valor xeográfico é empregado como elemento restrictor para o substantivo *linguagẽ*. Monteagudo (1994:173) concede unha grande importancia a esta pasaxe, pois afirma que denota “unha conciencia máis clara da individualidade lingüística do galego”:

- (10) Pois que Santiago dou esta rresposta que suso oydes et este testemoyo, o poboo ascoytauano moy de grado et começauano a loar moyto a Deus et dizer assi en abrayquo: “Osana filio Daudi!”, que quer dizer *en lingojen galego*: “Señor fays-nos saluos! (MS, p. 27)

Aínda que este autor pon o acento na explicación cronolóxica como base para a xustificación da presenza do adxectivo *galego* no exemplo, e considera a partir del que a consolidación da personalidade lingüística de Galicia se produciu tardiamente, cremos tamén fundamental o carácter relativamente autónomo con respecto a textos peninsulares coetáneos en romance que caracteriza os *Miragres*. En efecto, a non dependencia directa con respecto dun orixinal castelán implica a inexistencia dun modelo de denominación da lingua do texto que se impoña e se manteña, como ocorre na *Traducción*, ou que se someta a unha adaptación pouco explícita, á maneira do que ocorre na *Crónica General* na súa versión galega. Ademais, o excurso denominativo que se reproduce en (10) presenta unha peculiaridade que o diferencia claramente das outras ocorrencias que son obxecto da nosa análise: non se trata aquí dun labor de adaptación dunha denominación preexistente que era axeitada para o texto orixinal, senón que, como afirma Pensado (1958: LXI), estamos diante da introducción *ex nihilo* dunha observación metalingüística que carece de correlato na fonte textual latina. Por verosimilitude, o traductor mantén a reprodución do discurso directo tal e como este aparece no orixinal, pero a necesidade de facer a narración comprensible para os seus lectores fórzao a situar de seguido a tradución do mesmo, e a sinalar o cambio lingüístico a través dun excurso denominativo. Neste contexto, a escolla do adxectivo *galego* para a denominación da lingua do texto si pode ter a lectura, en termos de conciencia lingüística, que Monteagudo (1994: 173) propón.

### 3.2. Outras denominacións baseadas en substantivos de significado xeral máis elementos restrictores

Á parte da forma *linguagē*, préstamo de implantación recente pero de moito éxito no ámbito lingüístico peninsular, existían outras formas que podían servir para o valor xenérico ‘sistema lingüístico’ e para as súas especificacións con relación ó texto. Vexámolas máis polo miúdo.

Nas obras galegas a forma *lingua* só ocorre co valor de ‘sistema lingüístico distinto do propio’ e cun rendemento moi baixo:

- (11) Et porque esta pallaura “çelada” quer dizer tanto cōmo “encuberta”, et a çelada deue jazer calada et poseron aquel monte nome Sigio que mostra tãto segundo *lengoa de Greçia* quer tanto dizer en seu linguagem “oyde et calade” (HT, p. 8)

Así mesmo, o substantivo *fala* parece especializado nas acepcións ‘aptitude ou habilidade para falar’ e tamén ‘diálogo’:

- (12) Conta a estoria que os castelãos que forõ buscar seu senhor, et acharõno na rri-beyra do rrio hu jazia mal ferido de morte. [Et], pero que estaua tã malferido, nõ perdera *a fala* et tijna o ueablo ñno corpo, et pasaua de parte a parte (T, p. 388)

- (13) Os porteyros, quando esta rrazõ oyrom, prouguellis ende muyto et abrirõlle lo-go a porta do castello. Os cõdes, poys que sse virõ, rreceberõsse muy bem em hũu, et ouerõ ontre sy *sua fala* muy grande (T, p. 131)

Cómpre anotar o feito de que, así como estas formas tampouco non aparecen no texto portugués da *Crónica Geral de Espanha de 1344*, si se rexistran, aínda que de forma minoritaria, como alternativa a *linguage* no texto castelán da *General Estoria*. A primeira delas, *fabla*, só aparece como referencia a sistemas lingüísticos diferentes do propio, a diferenxia do que ocorre coa segunda:

- (14) E all otro rio de aquellos dizen le Astabores. que *en la fabla daquela tierra* muestra tanto como ramo de Agua que uiene de oscuridad (GEcas, fol. 48v)  
 (15) Et onager dezimos nos que es *en la nuestra lengua* por asno montes o por enzebro (GEcas, fol. 61 v)

Dáse a circunstancia de que na versión galega do exemplo (15) se emprega a forma *linguagẽ*, o que podería ser interpretado como síntoma dun maior arraigo entre nós do provenzalismo:

- (16) Et onager dizemos nos que e *ẽna nosa language* por asno montes ou por zebro. (GE, p. 221)

Por último, cómpre mencionar o feito de que rexistramos nun único caso o emprego do substantivo *gramática* para aludir á lingua en que está escrito o texto. Trátase dun fragmento da *General Estoria*, traducido literalmente do orixinal castelán, en que tamén se utiliza esta unidade:

- (17) Et por lo que oyam dizer que acaesçera do deluuiio, asentarõse logo ãnos montes de Aspa a que chamã os montes Pyreneos; et chamauãse ãna primeyra estas cõpãnas çetubales, de c e t u s que tanto diz *ẽna nosa gramatica* cõmo cõpanas de Tubal (GE, p. 81)  
 (18) Assentaron se luego en los montes de Aspa a que llaman los montes Pireneos. Et llaman se en la primeria estas conpannas çetubales. de Cetus que dizen *en la nuestra gramatiga* por compannas et de Tubal. Onde çetubales quiere dezir tanto como compannas de Tubal. (GEcas, fol. 23v)

Atención especial merecen as escasas ocorrencias do substantivo *romanço*. Na prosa galega, a forma non aparece nunca restrinxida con ningún tipo de elemento que poida delimitar a súa extensión e guiar a súa interpretación cara á de 'sistema lingüístico en que está escrito o texto', a diferenxia do que si constatamos, ben que moi minoritariamente, no texto castelán por nós examinado:

- (19) Onde metaberis tanto es otrossi segund *el proprio romanç castellano* como garconearas. (GEcas, fol. 184 v.)

Nos textos galegos, as escasas ocorrencias da forma correspóndense con estruturas cun elevado grao de fixación sintagmática, nas que *romanço* aparece en contraste directo con *latín*. Así ocorre nestes dous fragmentos paralelos procedentes das obras do ciclo clásico:

- (20) Et este tendillón fora cōprado por moy grāde aver, ca era tã noble et tã estrayo que ãno mūdo nūca foy mellor, nẽ ha home ãno mūdo tã sutil nẽ tã sabedor que podesse dizer *en latín nẽ en rromãço* as feyturas et as marauillas et as uertudes que en el auja (CT, p. 425)
- (21) Et este tendillon era tã noble et tã maravilloso que nõ ouvo õme ãno mūdo tã sabedor que podese dizer *en latim nẽ en rromãço* as feyturas et as maravillas et as vertudes que en el avia (HT, p. 182).

Os datos textuais, por tanto, non confirman a afirmación de Monteagudo (1994: 172) segundo a cal a forma *romanço* sería a preferida dos textos galegos. Polo que se refire á prosa de creación, cremos que esta unidade non se amosa en absoluto operativa no sistema de denominación das linguas, senón que máis ben parece reclusa en usos formularios, dentro de unidades practicamente non segmentables e cun valor de conxunto máis ben enfático.

### 3.3. Denominacións baseadas na especialización semántica contextual do substantivo *linguagē*

Na busca dunha designación específica para a lingua dos textos, unha primeira tentativa consistiu no emprego do substantivo maioritariamente utilizado co valor de ‘sistema lingüístico’, sen elemento restrictor explícito, aínda que si, en moitos casos, con artigo. Nesta situación, confíase ó contexto —especialmente ó contexto lingüístico, dado que se trata de textos escritos— o sinalamento dunha acepción especial para a forma pola que esta ten que ser entendida como ‘sistema lingüístico compartido por emisor e receptor’. O substantivo *linguagē* desenvolve así un novo valor semántico de carácter específico, que debido á ausencia de modificadores funciona como forma non marcada do sistema de denominacións. Cremos, pois, que neste tipo de exemplos nos situamos diante dunha maior conciencia da individualidade lingüística do sistema, dado que agroma a necesidade de procurarlle un nome propio e independente, aínda que este apareza escasamente diferenciado con respecto á forma común.

Monteagudo (1994: 172) sinala cómo ó sur do Miño a forma *linguagē* aparece, sen ningún tipo de determinante nin modificador, co significado de ‘portugués’ en exemplos como o que segue:

- (22) E nõ foy hy achado nem hũ que mho podesse contar *em lynguagen* nẽ dizer pouco nem muyto do que hi avva escripto, tanto erã feytas per escuro latim. (CGE, p. 63)

Nos textos galegos, o desenvolvemento deste novo valor semántico para o substantivo *linguagē* testemúñase máis tardiamente, se ben nunha soa ocorrencia, nos *Miragres de Santiago*:

- (23) Et ali hu el jaz esta hũa oliueira, et por la grraça do Spiritu Santo, por lo seu dia que he ydus maii, que som quinze dias d' este mes, froleçe aquel dia et madureçe o froyto dela, a çidade de Bersotom en que ha caualeiros moy fortes que chamã *en lingoajeẽ* alaraues (MS, p. 78)<sup>13</sup>

O uso non é descoñecido no castelán da *General Estoria*, se ben debía estar pouco desenvolvido, pois só achamos unha ocorrencia:

- (24) Et departe Maestre Pedro. que a estos sayales del silicio que los llamauan en latin alas uezes. velos uela fascalas que dizien *en el lenguaje* por coberturas, et alas uezes capillacia en el latin. Et es esto *en el lenguaje* tanto como cobertura fecha. (GECas, fol. 200 v)

A partir dos datos textuais de que dispoñemos, poderíamos afirmar que o portugués xa debía ter desenvolvida e dispoñible esta nova acepción específica do substantivo con maior amplitude que o galego nun momento cronolóxico anterior. Así, na *Crónica Geral de Espanha de 1344* este fenómeno aparece xa consolidado, e a forma núa *en linguagẽ* predomina sobre a, tamén presente, *en nossa linguagẽ* (que, lembremos, é a única posibilidade ensaiada nas obras historiográficas galegas coetáneas).

Como apuntamento á marxe, debemos considerar o feito de que algúns textos portugueses non incluíbles baixo a denominación de “prosa de creación”, pero si emparentados con esta por razóns variadas como a autoría común ou a identidade cronolóxica, dan conta do desenvolvemento dunha nova acepción específica por parte da forma *romanço*, utilizada sen elementos restrictivos en referencia á lingua do texto. Así, na tradución a esta lingua da *Primeira Partida* alfonsí atopamos esta opción en competencia coa posibilidade *en linguagẽ* e cun lixeiro predominio sobre a mesma en canto ó número de ocorrencias:

- (25) Patriarcha tanto quer dizer como cabedel dos padres, que sse entende polos arcebispos ou bispos, ca en lat̃ tanto quer dizer como padre *ẽ rremãço* (P1, p 204)

Tal especialización semántica do substantivo *romanço* non foi detectada por nós en ningún dos textos galegos expoliados. Por outra banda, a baixa rendibilidade doutras formas coa acepción xenérica de ‘sistema lingüístico’ explica, moi probablemente, o non desenvolvemento por parte das mesmas de valores semánticos ligados ó contexto<sup>14</sup>.

13 Pensado (1958: 78, nota 2) reproduce o orixinal latino da pasaxe: *qui vulgo dicuntur arabit*. A equivalencia *vulgo=en lingoajeẽ* explícase doadamente, cremos, segundo a hipótese que desenvolvemos no presente apartado, e sen necesidade de considerar errónea ou incorrecta a tradución galega, como parece propoñer o editor.

14 Corominas e Pascual (1980: 629) si rexistran, no mundo hispánico, este tipo de especializacións semánticas para o substantivo *lengua*. Así, por exemplo, recollen a locución *hablar lengua*, “los negros que conservan el idioma africano, en Cuba”. Curiosa é tamén a especialización do termo co significado de “idioma distinto do propio” que se rexistra en Colombia na expresión fixa *hablar en lengua*, “lengua extranxera o incompreensible”. Co mesmo sentido, en Cuba, “me echó un *lenguaje*”

### 3.4. Denominacións específicas para o sistema lingüístico do texto e baseadas en adxectivos de significado inicialmente xeográfico

Un terceiro momento na procura dunha denominación específica para o sistema lingüístico compartido polo emisor e o receptor consiste na utilización, para esta finalidade, dun termo inequívoco e non dependente da información textual. A opción elixida pola totalidade de romances peninsulares consistiu en reubicar no paradigma substantival o adxectivo que orixinalmente significaba 'relativo ou procedente dun territorio'. Esta posibilidade estaba xa ben consolidada nos textos casteláns da época alfonsí, pois na versión orixinal da *General Estoria* a forma *castellano* compite, practicamente en pé de igualdade, coas opcións *language de Castiella* e *language castellano*:

(26) La segunda fiesta destas tres fazen ellos en el mes a que uos dezimos *en castellano* mayo. (GEcas, fol. 193 v)

En paralelo con estes exemplos e de forma un tanto errónea, si se rexistra na *Traducción* galega a presenza da forma *castelão* como denominación da lingua do texto, feito que pode ser consecuencia dunha versión excesivamente apegada á literalidade do orixinal. Lembremos que deste mesmo texto proceden tamén exemplos do tipo de (7), semellantes en canto á non adaptación da denominación da lingua, por parte do traductor, ó novo contexto:

(27) Mays, [pero] que assi foy como o arcebispo dō Rrodrigo et dom Lucas contã en seu lafi, diz aqui *eno castelaa* a estoria do rromãco do jnfante Garçia doutra maneyra, et conta en esta guysa [...] (T, p. 273)

Na *Historia Troiana*, así mesmo, alúdese á versión castelá da *General Estoria* empregando tamén o adectivo *castelão*:

(28) Porque se algũus mays complidamente quiserem saber o começo de cõmo foy poblada Troya, et os rreys que ende ouuo, et a estoria de Jaason et de Medea, le-an por este libro que o acharam mays cõplidamente cõmo esta ño libro de Troya segũdo foy jurado o achamos ña General Estoria que ajunta cõ os feytos que passarõ ño mundo ata el RRey dom Afonso, que o fezo *tornar de latin en rromãçoo et castellaão* et conçertou todas las estorias que de escripuyr fosem et que passaron ño mudo ata o seu tẽpo tambem de gentijs cõmo de cristiãos et de mouros con a bliuia (HT, p. 7).

O exemplo (28) encóntrase, cremos, nunha situación intermedia entre os analizados no apartado 3.1 e os do presente apartado. En efecto, se ben temos como apoiatura para a denominación un substantivo de significado xeral como é *romanço*, restrinxido no seu significado polo adxectivo *castelão*, a anómala escolla dunha estrutura coordinativa para ligar núcleo e modificador podería interpretarse como igualación dos dous termos e, por tanto, como conversión, en certo xeito, do adxectivo de carácter xeográfico nun substantivo que designa un sistema lingüístico individualizado.

Non atopamos nos textos galegos examinados a forma *galego* como denominación lingüística independente, sen a apoiatura do substantivo xenérico *linguagẽ*. Tampouco atopamos *portugués* nos textos do sur do Miño, aínda que para estes podemos supoñer que o amplo desenvolvemento da acepción específica para a forma *linguagẽ* fixo innecesaria ou, cando menos, retardou a utilización substantival do adxectivo indicador de procedencia. En consonancia con esta interpretación dos feitos podemos achegar a documentación deste uso no século XVI por parte de Monteagudo (1994: 172).

A orixe deste cambio de paradigma dos adxectivos relacionados con entidades xeográficas que tiñan variedades lingüísticas de seu puido estar na elisión do substantivo de significado xeral que orixinariamente os acompañaba: así, de *linguagẽ galega* ou de *romanço galego* (este último non documentado nos textos que examinamos) pasaríamos a *galego*, pero este movemento non se produciu nos nosos textos. A explicación da fixación da forma adxectival no xénero masculino —e non en feminino, como podería esperarse do emprego de *linguagẽ* como substantivo máis frecuente— pode vir dada polo modelo que ofrecían outros sistemas lingüísticos denominados con etiquetas derivadas de adxectivos xeográficos, como *grego*, *arauigo*, *hebraico*, etc., moi usuais nos textos por nós manexados. A especial relevancia cultural e lingüística do latín nestes textos explica a súa ben consolidada posición no sistema de denominacións, dado que de sempre contou cunha forma non derivada por substantivación do adxectivo correspondente, senón específica para a acepción 'lingua latina'. Repárese en que a oposición semántica e formal *latín/latino* non se produce en ningún outro caso no sistema de denominacións.

#### 4. CONCLUSIÓNS

A partir dos exemplos tirados das obras examinadas por nós para o presente traballo podemos establecer as seguintes conclusións:

1. O territorio lingüístico galego-portugués amosa unha preferencia lixeiramente máis marcada que o castelán polo emprego da forma *linguagẽ* co valor xenérico de 'sistema lingüístico'. Nestoutra lingua ensáíase un amplo elenco de denominacións, aínda que porcentualmente tamén é o provenzalismo a unidade máis empregada, a moita distancia das demais.
2. A conciencia da individualidade do galego non se manifesta doadamente nos textos prosísticos que dependen dunha versión previa en castelán, pois na tradución dos sintagmas que contiñan indicacións lingüísticas inequívocas, ben se suprimen tales indicacións —renunciando, por tanto, á súa adaptación—, ben se manteñen sen se adaptaren, co que se proporciona unha información errónea acerca de cál é a lingua do texto. Noutras palabras, a versión do sintagma (*el*) *nuestro language castellano* na tradución galega non é en ningún caso, como cabería esperar, (*a*)

*nossa linguagẽ galega*, senón simplemente (*a*) *nossa linguagẽ* ou —e isto paréce-nos máis grave— (*a*) *nosa linguagẽ de Castela*.

3. O desenvolvemento de acepcións específicas para os substantivos que significaban ‘sistema lingüístico’ foi un recurso ensaiado, en maior ou menor medida, por galego, portugués e castelán, aínda que a partir dos textos manexados podemos deducir que só o segundo usou del con profusión para marcar a súa individualidade lingüística.
4. A substantivación de adxectivos que orixinariamente presentaban unha acepción xeográfica como procedemento para a denominación da lingua do texto aparece moi consolidado no castelán da época alfonsí, mentres que nos textos prosísticos galegos é unha opción que non se coñece. Tampouco o localizamos nos textos portugueses examinados por nós.
5. Só nos *Miragres de Santiago* podemos atopar pegadas dunha certa claridade, por parte do escritor, acerca da entidade do galego como lingua diferenciada. Este feito maniféstase tanto na aparición da primeira —e única— ocorrencia da expresión *en linguagẽ galega* como tamén no emprego da fórmula *en linguagẽ* nun sentido específico e sen necesidade de elemento restrictor ningún. Monteagudo (1994: 173-174) vincula este feito ó carácter tardío do texto, escrito cando xa transcorreran varios séculos desde a independencia política de Portugal. Xunto con este argumento, consideramos de importancia subliñar a non dependencia directa desta obra con respecto a un orixinal castelán e a súa elaboración desde Galicia e con finalidades estritamente galegas. Tamén é interesante a consideración das circunstancias en que se produce o excurso denominativo da lingua do texto, pois este non supón a adaptación dun sintagma previo, senón a introducción dunha información inexistente no texto que serve de punto de partida á tradución.
6. Con respecto ás consideracións de Monteagudo (1994: 172) acerca da diverxente utilización das formas *romance* e *linguagẽ* ó norte e ó sur do Miño, a nosa pescuda nas obras prosísticas de creación revela unha situación diferente da proposta por este autor. Así, observamos cómo o provenzalismo triunfou de xeito inequívoco en toda a península, mentres que a forma que aludía ás variedades neolatinas só se mantén como procedemento operativo para a denominación da lingua do texto ó sur do Miño. No norte, o seu emprego límitase ó de ser un constituínte dentro dunha locución fixada (*nẽ en latin nẽ en romance*).
7. Se consideramos a posibilidade de ordenar nunha escala os tres tipos de procedementos que acabamos de examinar, e de vincular esta á gradación en termos de conciencia lingüística, atopámonos con que só nos textos casteláns se emprega o procedemento máis explícito para a denominación das linguas, a substantivación do adxectivo que presenta orixinariamente un valor xeográfico e a súa utilización sen ningún tipo de apoiaturas xenéricas. Os textos portugueses parecen máis remi-

sos á hora de empregaren este tipo de denominacións e presentan unha opción decidida pola especialización semántica contextual dos substantivos *linguagẽ* e *romanço*. A situación máis deficitaria percíbese nos textos galegos, en que mesmo a fase inicial do proceso -o emprego do substantivo xeral máis elementos restrictores que acheguen datos de valor inicialmente xeográfico- foi cuberta tardiamente en con dificultades. A partir destas consideracións, podemos interpretar que no proceso de consolidación e de autorrecoñecemento da individualidade dos sistemas lingüísticos o factor político tivo que ser esencial, debido a que existe unha relación directamente proporcional entre o emprego de denominacións explícitas e claramente individualizantes e a consolidación temperá dun poder que define con claridade a lingua como un dos trazos caracterizadores do seu ámbito xeográfico de acción. Só neste contexto, son explicables as maiores dificultades de autoconciencia que se detectan nos textos galegos, e tamén parece lóxico o feito de que só nas obras menos vinculadas a factores políticos esóxenos agromen sintagmas como *linguagẽ galega*.

## BIBLIOGRAFÍA

### 1. Textos espoliados na realización do traballo

- CINTRA, L.F.L. (ed.) (1951): *Grónica Geral de Espanha de 1344*. Lisboa: ICALP (= CGE).
- FERREIRA, J.A. (ed.) (1980): *Alphonse X. Primeyra Partida*. Braga: Instituto Nacional de Investigação Científica. (= P1).
- KASTEN, LI., J. NITTI e W. JONXIS-HENKEMANS (eds.) (1997) : *The Electronic Texts and Concordances of the Prose Works of Alfonso X, El Sabio*. Madison [CD-ROM] (=GEcas).
- LORENZO, R. (ed.) (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" (= T).
- LORENZO, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conce de Fenosa (=CT).
- MARTÍNEZ LÓPEZ, R. (ed.): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo: Universidade (=GE).
- PARKER, K.M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Santiago de Compostela (=HT).
- PENSADO, J.L. (ed.) (1958): *Mirages de Santiago*. Madrid: Revista de Filología Española, Anexo LXVIII (=MS).

## 2. Bibliografía citada ou manexada

- BOULLÓN AGRELO, A.I. & TATO PLAZA, F. (1994): “Uniformidade e variedade do léxico xurídico-administrativo medieval galego”, in R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Santiago, 1989), volume VI, pp. 367-375.
- CALVET, L.J. (1997): “As políticas lingüísticas, a liberdade dos falantes e o poder dos planificadores”, in Aula Castelao de Filosofía (ed.): *Filosofía e lingua. A loita polas palabras*. Santiago de Compostela: Laiovento, pp. 55-66.
- CARDONA, G. R. (1991): *Diccionario de lingüística*. Barcelona: Ariel.
- CASADO VELARDE, M. (1986): *Lenguaje y cultura*. Madrid: Síntesis.
- COROMINAS, J. & PASCUAL, J.A. (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- COSERIU, E. (1969): *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid: Gredos.
- COSERIU, E. (1981): “Los conceptos de ‘dialecto’, ‘nivel’ y ‘estilo de lengua’ y el sentido propio de la dialectología”, *Lingüística española actual*, 3/1, pp. 1-32.
- CRYSTAL, D. (1987): *The Cambridge Encyclopedia of Language*. Cambridge: Cambridge University Press.
- FERGUSON, C.A. (1959): “Diglossia”, *Word*, 15, pp. 325-340.
- LLOYD, P. (1991): “On the names of languages (and other things)”, in R. Wright (ed.): *Latin and Romance Languages in the Early Middle Ages*. London & New York: Routledge, pp. 9-18.
- MONTEAGUDO, H. (1994): “Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)”, in E. Fidalgo & P.Lorenzo Grañín (eds.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor G. Tavani*. Santiago: Xunta de Galicia/C.I.L.L. “Ramón Piñeiro”, pp. 169-185.
- MONTEAGUDO, H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.
- MULJAČIĆ, Ž. (1988): “Émergence et genèse des langues romanes”, in D. Kremer (ed.): *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 5, pp. 186-193.
- MULJAČIĆ, Ž. (1995): “A estandarización do galego á luz de procesos análogos noutras linguas ‘minorizadas’ europeas”, in H. Monteagudo (1995): *Estudios de sociolingüística galega*. Vigo: Galaxia, pp. 19-51.
- PUENTES ROMAY, J.A. (1994): “Acerca de la pronunciación del latín altomedieval: a propósito de una teoría reciente”, *Euphrosyne*, XXII, pp. 269-281.

- SAPIR, E. (1954): *El lenguaje*. México: Fondo de Cultura Económica (12ª ed., 1991).
- SAUSSURE, F. de (1945): *Curso de lingüística general*. Buenos Aires: Losada (11ª ed., 1972).
- WARDRAUGH, R. (1991): *Introducción á Sociolingüística*. Santiago: Universidad de Santiago.
- WRIGHT, R. (1989): *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*. Madrid: Gredos.
- WRIGHT, R. (1991a): "La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años", *Verba*, 18, pp.5-25.
- WRIGHT, R. (1991b): "The conceptual distinction between Latin and Romance: invention or evolution?", in R. Wright (ed.): *Latin and Romance Languages in the Early Middle Ages*. London & New York: Routledge, pp. 103-113.